



1. DATOS DA ACTIVIDADE

NOME: Curso monográfico A Lei de contratos do sector público para os poderes adjudicadores non Administración pública (PANAP)

CONVOCATORIA: Curso monográfico A Lei de contratos do sector público para os poderes adjudicadores non Administración pública (PANAP)

GRUPO: Servizo de Estudos, Investigación e Publicacións

ÁREA: Réxime xurídico e actividade financeira das administracións públicas

CUALIFICACIÓN:	ASISTENCIA	PLAN:	FONDOS EGAP	HORAS:	12
ADMINISTRACIÓN:	AU CI	ESTADO:	CONVOCADO	ANO:	2020
MOD.IMPARTICIÓN:	MIXTO	TIPOLOXÍA:	C.MONOGRÁFICO	EDICIÓNS:	1

DATA MATRÍCULA: Do 08/12/2020 - 08:00h ao 10/12/2020 - 23:55h

RESPONSABLE: OLIE TE TRILLO, PAULA [paula.oliete.trillo@xunta.gal]

2. DESCRICIÓNS

DESCRICIÓN CURSO

O 9 de novembro de 2017 publicouse no BOE a Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014.

Ademais da transposición das citadas directivas, a lei establece un novo marco regulador do sistema de contratación pública, con vocación de ser máis eficiente, transparente e íntegro, e mellorar as condicións de acceso ao devandito sistema facilitando, en particular, a participación das PEMES.

Coa realización deste curso perséguese os obxectivos de propiciar o debate ao redor daqueles aspectos máis relevantes desde o punto de vista xurídico e da xestión introducidas polas últimas novidades legislativas en materia de contratación pública que afectan aos PANAP (poderes adjudicadores non Administración pública), e achegar unha formación de carácter práctico sobre os sistemas e plataformas electrónicas para a tramitación dos procedementos de contratación no ámbito autonómico.

DESTINATARIOS

O curso diríxese a responsables e xestores/as de contratación das entidades instrumentais descritas no artigo 45.b) da Lei 16/2010, de 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, sempre que non teñan a consideración de administración pública: fundacións públicas autonómicas e sociedades mercantís públicas autonómicas.

PROGRAMA

Este curso monográfico desenvolverase en tres sesións na modalidade de telepresenza e unha cuarta sesión, práctica, o último día do curso, na modalidade presencial.

Os contidos a tratar nesta actividade serán os seguintes:

- 1ª sesión de telepresenza.

O contrato menor e sistemas de racionalización técnica da contratación. Aplícase aos PANAP's o réxime previsto para as administracións públicas?

- 2ª sesión de telepresenza.

Outros procedementos de axilización administrativa contractual: O procedemento aberto simplificado (PAS) e o supersimplificado ou sumario (PASS).

- 3ª sesión de telepresenza.

O Nodo de contratación electrónica da Xunta de Galicia: publicidade, transparencia e contratación eficiente de todo o sector público.

O último día do curso, na modalidade presencial, abordaranse os seguintes contidos prácticos nas aulas de informática da escola:

- A plataforma de Contratos públicos de Galicia (CPG) e o Portal de transparencia de Galicia.
- O novo xestor de expedientes de contratación da Xunta de Galicia (PLATION).
- O Sistema de licitación electrónica da Xunta de Galicia (SILEX).
- O Sistema electrónico de facturación da Xunta de Galicia (SEF).

CRITERIOS DE SELECCIÓN

A orde de admisión virá determinada pola data e hora de presentación das solicitudes.

DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA ALUMNOS

De acordo do establecido no punto 6.5 da convocatoria respecto da inscrición:

Todas as persoas solicitantes, despois de ter completada a súa inscrición, deberán enviar un correo electrónico a novas.egap@xunta.gal, achegando a certificación acreditativa do cumprimento dos requisitos establecidos no punto 3 (persoas destinatarias). Serán excluídas aquelas solicitudes que non acompañen a dita certificación ou que sexa recibida con posterioridade ao último día habilitado para a inscrición, isto é, 10 de decembro de 2020.

3. DATOS EDICIÓNS

TELEPRESENZA

LOCALIDADE: Santiago de Compostela

INICIO / FIN: 14/12/2020 a 17/12/2020

NUM. PRAZAS: 29

ESTADO: NORMAL - (DIPLOMAS EM.)

DATA EXAME:

DOCENTES NOMEADOS

ELENA BARBA PAN

JOSÉ MANUEL ROMERO GARCÍA

Manuel Núñez Méndez

Manuel Rodríguez Salgado

Manuel Otero Vieites

LUGAR DE REALIZACIÓN

AULA 3 (Informática): O día 17 de decembro de 11:00 a 14:00. O día 17 de decembro de 16:00 a 19:00. EGAP, Rúa Madrid, 2-4, CP15707, SANTIAGO DE COMPOSTELA

AULA 4 (Informática): O día 17 de decembro de 11:00 a 14:00. O día 17 de decembro de 16:00 a 19:00. EGAP, Rúa Madrid, 2-4, CP15707, SANTIAGO DE COMPOSTELA

Sala telepresenza: Os días 14, 15 e 16 de decembro de 15:45 a 18:30. <https://egap.xunta.gal/aulavirtual>